

FILOSOFÍA II 2º BACHARELATO

OBXECTIVOS XERAIS

O proceso de ensinanza-aprendizaxe desta materia debe contribuír a que as alumnas e os alumnos desenvolvan as seguintes capacidades:

- Comprende-los problemas filosóficos fundamentais que ocuparon os filósofos ó longo da historia e recoñece-la súa ascendencia para a comprensión do mundo actual.
- Analizar e comentar textos filosóficos establecendo con eles unha relación de diálogo crítico que leve á súa interpretación, á súa comparación e á súa localización.
- Relaciona-las teorías filosóficas co marco social e cultural no que se formularon e do que son a súa expresión, xunto con outras manifestacións da actividade intelectual humana.
- Comprende-la relación existente entre as diversas teorías e correntes filosóficas que se sucederon ó longo da historia, analizando as semellanzas e as diferencias tanto no modo de formula-los problemas como nas solucións que se propoñen.
- Situa-las distintas formas culturais e ideolóxicas do presente no marco da historia das ideas, e recoñece-lo valor da comprensión do outro (texto ou interlocutor) para o desenvolvemento do propio punto de vista.
- Descubri-las conceptualizacións de carácter excluínte ou discriminatorio que, de forma explícita ou implícita, forman parte do discurso filosófico.
- Planificar e realizar pequenas investigacións sobre temas monográficos, utilizando os procedementos básicos do traballo intelectual, e poñendo especial atención no rigor conceptual e lóxico tanto na análise do tema como na expresión do propio pensamento.
- Comprender que o diálogo racional é a forma máis adecuada para a libre expresión e comparación de ideas, e que a razón é unha capacidade privilexiada para regula-la acción humana individual e colectiva.

Metodoloxía

A Historia da Filosofía de 2.º curso de Bacharelato debe promover nos alumnos o desenvolvemento dunha actitude reflexiva e crítica, sempre valiosa á hora de pensar e actuar. A materia complementa a función educativa da Filosofía, coa que mantén unha estreita relación, afondando na análise e na comprensión das concepcións filosóficas na súa relación cos procesos históricos concretos.

- a) O tratamento didáctico da materia persegue o cumprimento de tres funcións básicas, recollidas no currículo oficial da materia, e que resultan complementarias:
- Función reconstructiva, vinculada a destaca-la relevancia de certo tipo de problemas e a estudia-las solucións aportadas polos filósofos no pasado e que poden facilita-la nosa comprensión de eses mesmos temas no presente.
 - Función historiográfica, que pretende xerar no alumno a consciencia do carácter histórico das teorías filosóficas, explicitando as condicións da época e as súas relacións de semellanza e diferenza respecto a outros produtos culturais (ciencia, arte, literatura, etc.).
 - Función articuladora ou integradora da historia dos saberes, que permite relaciona-la historia das ideas físicas, sociolóxicas, económicas, políticas e xurídicas.
- b) Os obxectivos xerais da etapa de Bacharelato pretenden que a pedagogía e a metodoloxía didáctica se orienten a procurar a consolidación da madurez do alumno como persoa, social e moral, adquirindo responsabilidade e autonomía, participando solidariamente no desenvolvemento e mellora do seu entorno social, e, á vez, lle permitan dominar progresivamente os coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e as habilidades básicas propias da modalidade escollida, de acordo coas finalidades formativa e propedéutica desta etapa. Todo o cal implica una íntima relación entre os contidos da materia e a posibilidade de abordar, desde as tres dimensións do contido, ensinanzas transversais como a educación para a moral, cívica e para a paz, educación para a igualdade entre os sexos e a educación do consumidor, preferentemente.
- c) O Proxecto Curricular inspírase nas orientacións psicopedagóxicas do Bacharelato contidas no currículo oficial. De tales orientacións extraírense as seguintes liñas de acción.
1. Considera-las capacidades e coñecementos previos do alumno como condicionante esencial do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

2. Fomenta-la construción de aprendizaxes significativos. A consideración acerca do sentido do concepto «significación» virá dada dende a incidencia na funcionalidade ou utilidade dos aprendizaxes da Historia da Filosofía para entender mellor o presente; tamén desde a construción dun soporte conceptual e de relacións de grande interese interdisciplinar, que apoia e, a súa vez, vese apoiado dende outras materias.
3. Impulsa-la capacidade para aprender a aprender. A materialización destes principios verase favorecida polo desenvolvemento de técnicas de ensinanza-aprendizaxe do seguinte tipo:
 - Coloquios.
 - Debates.
 - Comentarios de textos.
 - Mapas conceptuais.
 - Diálogos.
 - Planificación, desenvolvemento e avaliación de traballos.
 - Exposicións orais e escritas que impliquen a utilización previa de técnicas de análise e de síntese (resumes, esquemas, cadros sinópticos, etc.).
 - Uso da TIC
4. A metodoloxía desenvólvese tanto de forma inductiva como deductiva, xa procurando que a observación sexa o punto de referencia para a elaboración de conceptos naturais que leven ó coñecemento científico, xa coidando o desenvolvemento do pensamento deductivo mediante o rigor e a precisión na demostración de principios, regras, fórmulas... axustada ós contidos que tratan de dominar.
5. A metodoloxía para a materia de Historia de la Filosofía de 2.º de Bacharelato concéntrase en:
 - a) Un achegamento ós temas obxecto de estudio a través de textos directos dos autores que fan referencia a problemas filosóficos, definición de termos e conceptos, identificación de ideas previas, etc., que serven de elementos dinamizadores do proceso de aprendizaxe.
 - b) Unha preorganización de contidos mediante mapas conceptuais que facilitan a comprensión das conexións e relacións existentes entre os diferentes aspectos que se propoñen para a análise dos temas.
 - c) Una selección de contidos e un método de desenvolvemento da información rigoroso, claro, coherente e debidamente secuenciado.
 - d) Una selección de textos que fan explícitos os problemas de carácter filosófico e que invitan á reflexión e á análise crítica,

ó tempo que promoven o debate. Un dossier de documentos e textos filosóficos en cada unidade didáctica sobre un tema significativo, con propostas de traballo que faciliten a comprensión e a análise dos distintos puntos de vista e modos de abordar e responder ós grandes interrogantes que, ó longo da historia, plantearon os filósofos e pensadores.

- e) Facilitaranse estratexias para a procura de información en Internet, así como para a valoración e crítica desta información.
- f) Potenciarase no alumnado o uso das TIC para a exposición dos coñecementos acadados de modo que este sexa compartido cos compañeiros e útil socialmente.
- g) Un conxunto de actividades de aplicación das técnicas que serven como modelos de traballo intelectual e favorecen a utilización correcta de diferentes procedementos básicos de indagación, análise, comparación e síntese.
- h) Una recapitulación final que aporta recursos variados para asegurar una correcta asimilación, interiorización e proxección dos contidos traballados.

CONTIDOS

A selección de contidos conceptuais, procedementais e actitudinais corresponde tanto á caracterización da materia como ós seus obxectivos xerais. Os contidos conceptuais preséntanse divididos en catro grandes bloques que corresponden, á súa vez, a catro grandes períodos da Historia da Filosofía. En cada bloque determínanse os problemas fundamentais a tratar, pero o seu desenvolvemento específico queda aberto a diversos enfoques e á selección de autores.

A programación das unidades didácticas pode articularse en torno a algún dos contidos conceptuais, pero sempre tendo en conta o desenvolvemento dos contidos procedementais e actitudinais, de xeito que se contemplen os seguintes aspectos máis xerais referidos:

Á comprensión dos problemas a partir dos que nacen as distintas propostas teóricas.

Ó establecemento de relacións entre os problemas e desenvolvementos teóricos e o marco histórico no que nacen, e entre o desenvolvemento interno das teorías e sistemas filosóficos e os problemas teóricos do presente.

Ó diálogo cos textos.

Filosofía antiga

No desenvolvemento deste apartado hai que analiza-la orixe do pensamento filosófico e a súa evolución durante a Antigüidade Clásica. Trataranse os problemas específicos que foron obxecto de estudio por parte dos distintos pensadores e das escolas filosóficas, e que cimentaron o posterior desenvolvemento da Filosofía ata os nosos días.

Platón e Aristóteles deberán ser obxecto dunha análise máis pormenorizado no estudio de ditos temas.

Contidos conceptuais

- O paso do Mito ó Logos
- O home e a Natureza.
O coñecemento: experiencia, razón e linguaxe.
- A busca da felicidade: o ben e a virtude.
- A organización política.

Autores:

- Esquema das principais correntes e pensadores da Filosofía grega.
- Principais aportacións da Filosofía presocrática:
- A natureza nos presocráticos.

- A Sofística: características xerais, convencionalismo moral.
- Sócrates: método e intelectualismo ético.
- Platón:
 1. Teoría das Ideas como síntese da tradición filosófica grega.
 2. Teoría do coñecemento.
 3. Antropoloxía: o dualismo alma-corpo, partes ou funcións da alma.
 4. Teoría da natureza: o cosmos platónico.
 5. Ética: o ben e a virtude.
 6. A política: clases sociais e formas de goberno.
- Aristóteles:
 1. O novo enfoque filosófico fronte ó platonismo.
 2. Teoría da natureza.
 3. Explicación do cambio: acto-potencia, materia-forma, substancia-accidentes, teoría das causas, a teleoloxía e o motor inmóvil.
 4. Proceso do coñecemento: da experiencia sensible ó coñecemento abstracto.
 5. Antropoloxía: aplicación do llemorfismo aristotélico ó ser humano. Natureza e funcións da alma.
 5. Ética: o ben e a virtude.
 6. Política: Orixe da sociedade e formas de goberno.

Contidos procedementais

Análise dos conceptos, das relacións lóxicas e dos problemas filosóficos que aparecen nos textos de Platón e Aristóteles.

Interpretación do contido dos textos filosóficos seleccionados, relacionándoos co seu contexto teórico e social.

Recoñecemento dos elementos conceptuais de carácter excluínte presentes, de forma implícita ou explícita, no discurso filosófico dos pensadores antigos.

Lectura dunha obra filosófica da época que sexa sinxela e breve.

Contidos actitudinais

Aprecio polo valor que as reflexións filosóficas do pasado teñen para a comprensión do presente.

Interese e gusto pola lectura de obras de filosofía.

Filosofía medieval

Deste período estudarase o desenvolvemento que seguiu o pensamento filosófico desde os primeiros séculos da era cristiá ata a baixa Idade Media. Sinálanse como problemas fundamentais aqueles que presentan innovacións respecto á tradición anterior. Co seu desenvolvemento, promoverase a reflexión racional sobre a relixión e sobre as crenzas, así como a identificación de conceptos das distintas tradicións relixiosas (cristiá, islámica, hebrea, ...) presentes na nosa cultura.

Contidos conceptuais

- As aportacións do pensamento cristiá á tradición filosófica clásica: novos conceptos. As relacións entre razón e fe.

Autores:

- Agustín de Hipona:
 1. Teoría do coñecemento.
 2. Exemparismo.
 3. O mal.
 4. Filosofía da historia: A cidade de Deus.
 5. A realidade como creación e o problema da razón e da fe.
- Anselmo de Cantherbury:
 1. O argumento ontolóxico.
- Tomás de Aquino:
 1. O aristotelismo e a Escolástica.
 2. Teoría do coñecemento: Abstracción e o Realismo moderado.
 3. Fe e Razón.
 4. Demostración da existencia de Deus: as cinco vías e a súa estrutura.
 5. A Lei: lei natural, lei eterna e lei positiva.
- Guillermo de Ockham:
 1. Crise da Escolástica: Guillermo de Ockham e a separación de Fe e Razón.
 2. O problema dos universais e o nominalismo
- N. Maquiavelo:
 1. O novo contexto cultural: Humanismo e Renacemento.
 2. O poder e o realismo político.
- Francis Bacon:
 1. A teoría dos ídolos.
 2. Ciencia e utopía social.

Contidos procedementais

Confección de cronoloxías e de esquemas conceptuais que permitan localizar e relacionar tanto autores coma posturas ou sistemas filosóficos. Establecemento de relacións entre os problemas e sistemas filosóficos elaborados polos autores da época e as condicións sociais e culturais que os enmarcan, utilizando fontes bibliográficas e de consulta e confeccionando fichas.

Contidos actitudinais

Aprecio polo traballo intelectual e sensibilidade polo rigor necesario nas súas distintas fases.

Interese pola perspectiva histórica como forma de acceso ós problemas e ás concepcións do presente.

Tolerancia e respecto polas distintas cosmovisións e formas ideolóxicas.

Filosofía moderna

O desenvolvemento do pensamento filosófico durante os séculos XVI, XVII e XVIII ten unha importancia fundamental tanto polas súas aportacións específicas como por senta-las bases de cuestións e de ideas que se prolongan ata os nosos días. Debido á complexidade e á riqueza das aportacións filosóficas deste período, ditas cuestións trataranse en dous momentos distintos. En primeiro lugar, o período comprendido entre os séculos XVI e XVII no que haberá que tomar como punto de partida a nova concepción do home e do mundo formada durante o Renacemento. En segundo lugar, o século XVIII durante o cal cristalizan no movemento da Ilustración as distintas aportacións filosóficas, científicas e culturais. Descartes, Locke e Kant son os autores que deberán ser obxecto dunha análise máis pormenorizado no estudio dos diversos temas.

Contidos conceptuais

Séculos XVI e XVII:

- A orixe e a validez do coñecemento.
- O problema do método.
- Natureza e sociedade.
- Filosofía moral e Filosofía política.

Século XVIII:

- A razón crítica e a razón autónoma.
- A idea de progreso.

Autores:

- Descartes:
 1. O problema do Método: a súas regras.
 2. A Dúbida metódica e a primeira verdade: o cogito.
 3. Existencia de Deus e veracidade divina.
 4. Teoría da substancia: substancia pensante e extensa. Relación alma-corpo. Mecanicismo.
- Baruch de Spinoza:
 1. O monismo substancial.
 2. A ética.
- Locke:
 1. Teoría do coñecemento:
 2. Orixe e clasificación das Ideas.
 3. A noción da substancia.
 4. Teoría política:
 5. Orixe da Sociedade, o contractualismo.
 6. O Liberalismo político.
 7. Teoría da propiedade.
- Hume:

1. Crítica de los conceptos de “substancia” y “causalidade”.
 2. O escepticismo.
 3. O Contrato Social.
- J.J. Rousseau:
 1. Os elementos do coñecemento e o fenomenismo.
 2. O emotivismo moral.
 - Kant:
 1. O Iluminismo: Kant e a Ilustración. Kant como punto de encontro entre Racionalismo e Empirismo.
 2. O problema da Metafísica.
 3. A Crítica da Razón pura: os xuízos, as formas a priori da sensibilidade, as categorías do entendemento, fenómeno e nóumeno, ideas de razón.
 4. A Ética kantiana: os imperativos, éticas materiais e éticas formais, autonomía e heteronomía, postulados da razón práctica.
 - J.S. Mill:
 1. O utilitarismo moral.
 2. A liberdade e a defensa dos dereitos da muller.

Contidos procedementais.

Comentario aberto de textos filosóficos dos autores estudados, que inclúa unha valoración persoal argumentada.

Identificación e comparación de distintas posturas filosóficas referidas a un mesmo problema filosófico.

Preparación e elaboración dun traballo monográfico sobre algún tema ou sobre algún autor da época, utilizando as técnicas básicas do traballo intelectual.

Lectura dunha obra filosófica sinxela e breve.

Contidos actitudinais

Actitude crítica ante os contidos ideolóxicos que subxacen en obras filosóficas e perante os temas que denoten algunha discriminación.

Interese e curiosidade pola lectura de obras e textos filosóficos, utilizando criterios propios de selección e de valoración.

Filosofía contemporánea

No estudio da Filosofía contemporánea, hai que distingui-los problemas que formulan os pensadores do século XIX, especialmente na súa primeira metade, das tendencias e dos desenvolvementos xurdidos cara a finais de século e que teñen continuidade e expansión durante o século XX. Neste século, a reflexión filosófica abandona o empeño pola construción de sistemas para centrarse na análise de determinados problemas ligados moi directamente á complexidade das novas

realidades, que van xurdindo na rápida transformación das estruturas económicas, políticas e sociais.

Contidos conceptuais

Século XIX:

- A dimensión histórica do individuo e da sociedade.
- O novo Humanismo (a vida, os valores, a intuición) e a transformación do paradigma científico.
- Historicismo e vitalismo.
- Século XX:
- A análise da existencia
- A busca dunha nova racionalidade e dunha nova metodoloxía.
- O mundo da palabra.
- O home como ser cultural.

Autores:

- Marx:
 1. A filosofía económica.
 2. A teoría da alienación.
 3. O materialismo histórico.
 4. O materialismo dialéctico.
- Nietzsche
 1. Crítica da cultura occidental:
 - 1.1. Crítica da metafísica.
 - 1.2. Crítica da moral: moral de escravos e moral de señores.
 3. O Nihilismo e a transmutación de valores.
 4. A vida e a vontade de poder: o apolíneo e o dionisiaco.
 5. O Superhome e o Eterno Retorno.
- M. Heidegger:
 1. Ser, estar, existir.
 2. O esquecemento do ser e o dominio da técnica.
- L. Wittgenstein:
 1. Filosofía e Linguaxe.
 2. A filosofía como actividade e como terapéutica.
- Ortega y Gasset:
 1. O raciovitalismo.
 2. O perspectivismo.
 3. A vida auténtica.
- Habermas:
 1. A escola de Frankfurt e a teoría crítica.
 2. Coñecemento e interese.
 3. A razón dialóxica

Contidos procedementais

Realización de traballos de síntese a partir de diferentes fontes de información e de consulta.

Realización de composicións filosóficas.

Planificación e realización de sesións de discusión sobre algún problema filosófico do presente.

Contidos actitudinais

Atención á precisión lóxica e conceptual na expresión das propias reflexións filosóficas. Inclinación por considera-las posturas ideolóxicas ou filosóficas dos demais como fonte de enriquecemento persoal e colectivo.

Interese e actitude crítica ante as distintas formas de creación intelectual e ante as posibilidades explicativas dos diversos ámbitos da actividade humana.

SECUENCIACIÓN

Primeiro Trimestre: Filosofía Antiga.

Segundo Trimestre: Filosofía Medieval e Moderna.

Terceiro Trimestre: Filosofía Contemporánea.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Analiza-lo contido dun texto filosófico, identificando os problemas, os conceptos e os termos específicos que aparecen, facendo explícita a súa estrutura expositiva (teses, argumentos e conclusións). Este criterio trata de avalia-la capacidade para ler comprensivamente e para analizar textos filosóficos mediante a identificación dos problemas que neles se formulan, a explicación dos conceptos e dos termos específicos, así como o recoñecemento das proposicións e dos argumentos que apoian as teses mantidas e as conclusións derivadas das mesmas. Todo iso permite valora-lo progreso dos alumnos e das alumnas na comprensión do significado dos textos filosóficos.
- Interpretar un texto filosófico sinalando, por un lado, a relación entre o problema que formula o autor e o contexto teórico e social da época e, por outro, diferenciando as propostas que contén doutras posibles posicións sobre o mesmo tema. Este criterio trata de avalia-la capacidade do alumnado para explicar, coas súas propias palabras e de forma argumentada, o senso dun texto filosófico, utilizando para iso a información obtida sobre o autor, o contexto sociocultural no que xorden os problemas que o texto formula e outros modos de responder a eses mesmos problemas. Trátase, polo tanto, de avaliar fundamentalmente a competencia argumentativa do alumnado e a súa capacidade para integrar informacións diversas.
- Comentar un texto filosófico, atendendo especialmente á identificación dos supostos implícitos que o sustentan, á consistencia dos seus argumentos e das súas conclusións, así como á vixencia das súas aportacións na actualidade. Este criterio pretende avalia-la capacidade dos alumnos e das alumnas para enriquecer progresivamente a súa comprensión e a interpretación dos textos filosóficos, utilizando pautas de comentario que lles axuden a descubrir supostos (crenzas, intereses, propósitos,...) nas posicións analizadas, que permitan aprecia-la maior ou menor coherencia das mesmas e que lles faciliten recoñecer, nas interpretacións filosóficas do noso tempo e nas súas propias, a presenza das concepcións do pasado.
- Ordenar e situar cronoloxicamente as diversas interpretacións filosóficas estudiadas, relacionándoas unhas coas outras, sinalando as súas similitudes e diferencias e recoñecendo a permanencia e a historicidade das propostas filosóficas. Preténdese avaliar con este criterio a capacidade dos alumnos e das alumnas para situar no momento histórico correspondente os textos dos autores estudiados, así como para recoñecer e para identifica-la similitude ou a discrepancia das súas formulacións e o valor das súas aportacións na configuración da mentalidade do noso tempo.

- Relaciona-los problemas filosóficos e os seus autores, que os alumnos e as alumnas estudaron, coas condicións históricas, sociais e culturais nas que xurdiron e ás que intentaron dar resposta. A intención deste criterio é comproba-la capacidade do alumnado para situa-las cuestións filosóficas estudadas no marco histórico, social e cultural no que xorden, comparando e diferenciando o saber filosófico doutras manifestacións culturais que aparecen no mesmo contexto, e analizando a relación existente entre as formulacións e propostas dos filósofos e os problemas e as necesidades da sociedade do seu tempo.
- Recoñece-las conceptualizacións de carácter excluínente e discriminatorio (androcentrismo, etnocentrismo e outras) que poidan aparecer no discurso filosófico das distintas épocas. Este criterio pretende avalia-la capacidade das alumnas e dos alumnos para descubrir supostos, implícitos ou explícitos, no discurso filosófico, en especial aqueles que implican algún tipo de discriminación. Trátase, pois, de valora-la capacidade da análise crítica dos alumnos e das alumnas, así como a súa capacidade para atender ás consecuencias sociais dos discursos teóricos.
- Elaborar un traballo monográfico de investigación sobre algún aspecto da Historia do pensamento filosófico, atendendo especialmente ó proceso de recollida e de selección da información. Este criterio trata de avaliar en que medida os alumnos e as alumnas son capaces de planificar e de realizar un pequeno traballo monográfico, ó longo do curso, sobre algún aspecto da Historia do Pensamento; trátase, igualmente, de comproba-lo seu grao de autonomía na utilización dos procedementos de busca e de selección de información, así como das súas destrezas expositivas.
- Participar en debates e en sesións de discusión sobre problemas filosóficos actuais, que susciten o interese dos alumnos e das alumnas, e nos cales estes deban aporta-las súas propias reflexións e relaciona-las con outras posicións de épocas pasadas, previamente estudadas. Con este criterio preténdese comproba-la capacidade desenvolvida polo alumnado para establecer relacións entre algunhas formulacións filosóficas da actualidade e outras formulacións do mesmo en épocas pasadas. Así mesmo, o debate permitirá avalia-la competencia dos alumnos e das alumnas para manter un diálogo racional e argumentar oralmente as súas propias posicións con liberdade e sen dogmatismos.
- Así mesmo valorarase a precisión e claridade da exposición, así como todo o que poida contribuír a mostrar contidos de tipo actitudinal e procedimental.
- Comprensión e exposición das ideas centrais das lecturas estipuladas.

CONTIDOS MÍNIMOS

O finaliza-lo curso o deberá acadar un coñecemento que lle permita redactar una explicación clara dos seguintes conceptos e teorías:

Autores:

Esquema das principais correntes e pensadores da Filosofía grega.

Principais aportacións da Filosofía presocrática en especial respecto do problema da natureza.

Características xerais do pensamento sofista, en especial respecto do convencionalismo moral.

O método socrático e o intelectualismo ético.

A Teoría das Ideas de Platón.

As teorías platónica e aristotélica do coñecemento.

O dualismo antropolóxico en Platón e as diferentes partes ou funcións da alma.

A teoría da natureza de Platón e de Aristóteles.

A ética platónica e aristotélica.

A concepción política de Platón e de Aristóteles.

A explicación aristotélica do cambio: conceptos de acto-potencia, materiaforma, substancia-accidentes, teoría das causas, e motor inmóbil.

A antropoloxía de Aristóteles: o hilemorfismo aplicado ó ser humano.

A teoría do coñecemento de Agustín de Hipona.

O Exemparismo.

O problema de mal en Agustín e Tomás de Aquino.

A filosofía da historia de Agustín de Hipona.

O argumento ontolóxico de Anselmo de Cantorbery.

O aristotelismo en Tomás de Aquino.

A teoría do tomista do coñecemento.

O problema da Fe e a Razón o longo do pensamento medieval.

As demostracións da existencia de Deus de Tomás de Aquino.

As nocións de lei natural, lei eterna e lei positiva.

A separación de Fe e Razón que fai Guillermo de Ockham e a súa relación coa crise da escolástica.

El problema del coñecemento en el racionalismo y en el empirismo. Las reglas del método de Descartes.

A Dúbida metódica cartesiana e a primeira verdade: o cogito.

Demostracións de la existencia de Deus de Descartes y funciones que cumple Deus no seu sistema.

La teoría da substancia en Descartes (substancia pensante e extensa. Relación alma-corpo. Mecanicismo) y en Locke. A crítica de Hume e o seu escepticismo.

Orixe e clasificación das Ideas en Descartes y Locke.

A teoría política de Locke: Orixe da Sociedade, contractualismo e teoría da propiedade no Liberalismo político.

Kant como punto de encontro entre Racionalismo e Empirismo.

O problema da Metafísica en Kant.

A Crítica da Razón pura: os xuízos, as formas a priori da sensibilidade, as categorías do entendemento, fenómeno e nóumeno, ideas de razón.

A Ética kantiana: os imperativos, éticas materiais e éticas formais, autonomía e heteronomía, postulados da razón práctica.

A filosofía económica de Marx.

A teoría da alienación.

O materialismo histórico.

O materialismo dialéctico.

O Vitalismo de Nietzsche.

A crítica de Nietzsche á metafísica e a moral occidental.

O nihilismo e a transmutación dos valores.

A vontade de poder.

A vontade de poder.

O apolíneo e o dionisiaco.

O superhome.

A teoría do eterno retorno.

O raciovitalismo de Ortega y Gasset.

O perspectivismo.

A vida auténtica segundo o existencialismo.

